



En **Proxecto ARGA** entendemos a *rehabilitación* como a recuperación ou *readquisición* dun inmovible nacido noutro contexto, que se atopaba temporalmente abandonado ou privado da súa funcionalidade, e que satisfai as necesidades da sociedade contemporánea mediante a súa *reutilización* a través dun novo uso.

Pero non tódolos inmovibles tiveron esta sorte... algúns intentan sobrevivir mentres agardan por unha segunda oportunidade.

Partindo deste concepto, coa finalidade de dar certa homoxeneidade ao conxunto da páxina web e para unha mellor comprensión da mesma, partimos duns datos base, os cales entendemos que poderían ser ampliados, completados ou modificados.

DATOS:

- NOME DO INMOBLE
- DIRECCIÓN
- ARQUITECTO(S)
- HISTORIA DO INMOBLE

Texto que describa a historia do inmoble dende a súa construción ata o momento actual, resaltando o mal estado no que se atopa a edificación e os intentos e/ou proxectos levados a cabo –se existen– para a súa recuperación.

- MEMORIA

Aquelas publicacións –artigos, notas en prensa, etc...– nas que apareza información do mal estado do inmoble e dos proxectos e/ou actividades realizadas para a súa recuperación.

- IMAXES

Un total de tres imaxes que recollan parte do descrito no apartado anterior, amosando o grao de deterioro do inmoble.

Cada imaxe debe ir acompañada dunha pequena descrición, así como do nome do seu autor e da data en que foi tomada.

A dimensión das imaxes debe ser de 1024x724 píxeles –independentemente da súa orientación–, cunha resolución de 150 ppp.

- BIBLIOGRAFÍA

Bibliografía específica da edificación.

Grazas por colaborar con **Proxecto ARGA**.